

## 1 Documento organizativo de Interior Galego Vivo: DEMOCRACIA, PARTICIPACIÓN, 2 MUNICIPALISMO

3 **Interior Galego Vivo** (IGV) é unha plataforma cidadá que aglutina persoas, entidades cívicas e  
4 colectivos sociais que deciden intervir na instancia social e política.

5 En consecuencia, IGV constitúese duplamente, ora como PARTIDO POLÍTICO con capacidade de  
6 concorrer a calquera proceso electoral, ora transcendendo con moito a participación institucional, polo  
7 que tamén se constitúe como unha ASOCIACIÓN.

8 O seu xeito de funcionar é **DEMOCRÁTICO**, de base **ASEMBLEAR** e **PARTICIPATIVO**, a través  
9 de **ASEMBLEAS**, **GRUPOS DE TRABAJO**, **FOROS DE DEBATE** e **ASEMBLEAS LOCAIS** con  
10 autonomía no seu ámbito (municipal). O seu órgano de goberno é a **COORDINADORA**.

11 Pertence a IGV calquera persoa que acepte os seus principios políticos e organizativos.

12 A participación de colectivos sociais estará suxeita simplemente á aceptación dos principios de IGV.

13 A participación das agrupacións locais municipalistas requirirá a sinatura dun acordo de colaboración e  
14 a achega dunha cuota por parte da/s persoa/s concelleiras de habelas.

15 \* A **ASEMBLEA XERAL** reunirase con carácter, canto menos, anual. Está conformada pola totalidade  
16 de persoas adscritas a IGV participando a título individual. O seu formato, data e promoción é  
17 responsabilidade da Coordinadora.

18 \* A **COORDINADORA** reunirase, canto menos, con carácter trimestral, sendo aberta á participación –  
19 con voz e sen voto – de representantes de colectivos e de calquera persoa de IGV con interese nos  
20 temas a tratar.

21 Escóllese directamente polas persoas pertencentes a IGV na Asemblea. O seu mandato será anual.  
22 Estará composta por entre 3 e 7 persoas eleitas pola Asemblea ás que se sumará unha persoa  
23 escollida por cada asemblea local constituída, que terán voz e voto e que poderá ser diferente para  
24 cada convocatoria da coordinadora, se a Asemblea Local o desexa (principio de rotación). As súas  
25 xuntanzas serán abertas con carácter xeral, segundo se indique na convocatoria da propia  
26 Coordinadora.

27 As súas competencias son:

28 - Voceiría pública, que recae na Coordinadora no seu conxunto.

29 - Coordinación e Organización

30 - Política de Comunicación común de IGV.

31 - Xestión das Finanzas comúns.

32 - Alianzas e relacións políticas supramunicipais.

33 - Eleccións a nivel supramunicipal.

34 - Relacións institucionais e sociais a nivel supramunicipal.

35 IGV facilitará a participación e discusión sobre as temáticas que afectan ao interior galego, tanto das  
36 persoas e colectivos integrantes de IGV como da sociedade en xeral, a través dos GRUPOS DE  
37 TRABALLO e dos FOROS DE DEBATE.

38 \* Os **GRUPOS DE TRABALLO** no seo de IGV constitúense a proposta de calquera persoa/s ou  
39 colectivo de IGV e serán creados pola Coordinadora, podendo ser permanentes ou puntuais.  
40 O seu funcionamento será democrático e autónomo, mais recomendáse ter persoas dinamizadoras  
41 para o seu correcto funcionamento. As súas propostas de comunicados ou xornadas trasladaranse á  
42 Coordinadora para a súa aprobación, dotación de fondos e publicidade.

43 \* Os **FOROS DE DEBATE** son encontros de debate sectorial que priorizarán a participación da  
44 sociedade civil e persoas expertas nos temas que se trataren. Impulsaranse a proposta de calquera  
45 persoa/s ou colectivo de IGV, que deberán colaborar na súa preparación e execución, e serán creados  
46 pola Coordinadora. Poderán ser de ámbito local ou supralocal.

47 \* As **ASEMBLEAS LOCAIS** son os organismos de participación de base de IGV. Poderán estar  
48 vinculadas a un proxecto municipalista ou non. A política municipalista é competencia exclusiva das  
49 ASEMBLEAS LOCAIS pertencentes a IGV, no marco xeral dos seus principios políticos e  
50 organizativos, aínda que sempre en harmonía cos principios xerais dos que nos dotamos  
51 colectivamente en IGV. Para participar en IGV a nivel individual é imprescindible adscribirse a unha  
52 asemblea local ou comarcal cando exista. Poderanse constituír asembleas locais ou comarcais de IGV  
53 con, canto menos, tres persoas adscritas a IGV.

## 54 **PARTICIPACIÓN ELECTORAL**

55 A decisión ou non da fórmula de concorrencia ás eleccións e a propia decisión de concorrer decidirase  
56 por parte de todas as persoas adscritas para cada proceso electoral, salvo a concorrencia ás eleccións  
57 municipais, que será competencia exclusiva de cada asemblea local. IGV porá os seus recursos a  
58 disposición das Asembleas Locais para a xestión administrativa, financeira e loxística do proceso das  
59 eleccións municipais.

60 A escolla de persoas candidatas aos procesos electorais a nivel municipal será competencia exclusiva  
61 de cada asemblea local.

62 A escolla de representantes nas Deputacións, de ser o caso, acordarase en Asemblea a nivel de  
63 Partido Xudicial (reunión das distintas asembleas locais e persoas adscritas a IGV nesa circunscrición),  
64 escollendo entre as distintas persoas concelleiras eleitas nos distintos municipios. Terán dereito a voto  
65 neste proceso as persoas adscritas a IGV con, canto menos, tres meses de antelación.

66 A escolla de persoas candidatas a procesos electorais de nivel supramunicipal será competencia do  
67 conxunto de persoas de IGV de cada ámbito territorial. Terán dereito a voto neste proceso as persoas  
68 adscritas a IGV con, canto menos, dous meses de antelación e deberá ratificarse pola Coordinadora.

## 69 **FINANCIAMENTO**

70 As fontes de ingresos de IGV serán as achegas voluntarias (doazóns) das persoas que o desexen,  
71 ademais das cotas individuais das persoas concelleiras e as cotas ordinarias que se establezan.

72 Asemade, os ingresos procedentes da representación electoral, de habela, a nivel supramunicipal.

73 Os ingresos derivados da representación política municipal serán utilizados exclusivamente para  
74 actividades políticas da propia localidade, segundo determine cada asemblea local. As finanzas dos  
75 Grupos Municipais das candidaturas municipais de IGV serán xestionadas polos propios grupos  
76 municipais conforme á lexislación vixente.

77 IGV réxese polos principios de TRANSPARENCIA e DACIÓN DE CONTAS, que se producirá na  
78 asemblea. A concreción destes a nivel dos Grupos Municipais determinarase por cada Asemblea Local.

79 A modificación deste documento organizativo será competencia da ASEMBLEA XERAL de IGV,  
80 requirindo maioría simple.

81 Todo aspecto non regulado neste documento poderá ser obxecto de regulación por parte da  
82 COORDINADORA co obxecto de facilitar o funcionamento de IGV, sempre que non afecte a estes  
83 principios xerais.

84 Chantada, no interior galego, a 18 de novembro de 2023.